Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✦ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Tortón

Torzollo. Rebullón. Lolo. Doenza que padecen os animais de sebo e que consiste nun ataque que lles provoca movementos circulares, que lles impide rexer a cabeza e que acaba por provocarlles a morte. Crese que o causa un verme aniñado, precisamente, na cabeza.

Para sacar o tortón da corte, e así acabar coa epidemia, hai que cortar a cabeza da res (ovella, cabra...) morta e tirala, sen que a vexan, ao o outro lado dun río.

BIBLIOGRAFÍA

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filología, anejo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.